

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Bases reguladoras que rexerán o XXIII Premio de Investigación concello de Pontedeume

ANUNCIO

Bases reguladoras que rexerán o XXIII Premio de Investigación concello de Pontedeume,

Por medio de decreto número 292/2020 de 26/05/2020, resolveuse a aprobación das “Bases reguladoras que rexerán o XXIII Premio de Investigación concello de Pontedeume”, que se transcriben a continuación:

“XXIII PREMIO DE INVESTIGACIÓN CONCELLO DE PONTEDEUME

BASES

1.-O tema da investigación versará sobre aspectos de Pontedeume e a súa Comarca dende a perspectiva da descrición propia da Etnografía ou das interpretacións propias da Antropoloxía Social e Cultural e da Ethnohistoria.

2.-Establécese un único premio dotado coa cantidade de **1.140,00 €** (suxeito ás retencións no IRPF que procedan).

3.-A lingua empregada nos traballos será a galega.

4.-Poderán optar a este premio cantas persoas o desexen, de forma individual ou colectiva. Os traballos serán inéditos e que non teñan obtido ningún premio anteriormente.

Entregaranse orixinais en papel ,catro copias en tamaño folio, mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara. Tamén pódense entregar en memoria USB ou CD. En todos os casos,o tipo de letra será ARIAL-11

A extensión dos traballos será dun mínimo de 50 folios e un máximo de 100, incluídos os documentos gráficos, fotográficos e outros elementos que os ilustren.

5.-As obras poderán presentarse directamente ou ben ser remitidas por correo certificado ao **Rexistro Xeral da Secretaría da Casa do Concello de Pontedeume**, (Rúa Real, 17 - 15600 Pontedeume - A Coruña) en sobre pechado co título da investigación e o lema do autor/es, acompañado doutro sobre pequeno no que conste o/s auténtico/s nome/s e apelidos do autor/es así como o seu teléfono e o enderezo e fotocopia do D.N.I.

6.-O prazo de presentación comeza ao día seguinte da publicación no Boletín oficial da provincia das presentes bases e remata o **17 de agosto de 2020**.

7.-A decisión do xurado será inapelable. O nome das persoas que o compoñen así como a súa decisión comunicárase aos participantes e público en xeral o día da entrega do premio, e difundirase a través dos medios de comunicación; o nomeamento do xurado realizarase por Resolución da Alcaldía.

8.-A resolución final do xurado darase a coñecer o día **29 de setembro de 2020**

9.-O premio poderá quedar deserto de non existiren traballos de calidade a xuízo do xurado.

10.- Os organizadores do premio resérvanse o dereito de cancelar o premio ou resolver os imprevistos sen estar na obriga de comunicarllelo previamente aos participantes.

11.- O traballo premiado, así como aqueles que o xurado considere de interese serán publicados na revista de investigación local **Cátedra. Revista eumesa de estudos**.

12.- A participación neste premio de investigación implica a aceptación das presentes bases.

***Este premio está suxeito á retención vixente do I.R.P.F. (R.I.R.P.F.art. 70)**

INFORMACIÓN: Telfs.: 981 432 598 -604 078 677

CONCELLO DE PONTEDEUME

Concellería de Cultura”

O que se fai público para xeral coñecemento e en cumprimento do contido do dito decreto.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, alcalde-presidente, en Pontedeume a 27 de maio de 2020.

2020/3050